



Participa na protesta do día 14 de novembro promovida pola *Alianza Social Galega* contra a política, de recortes de dereitos laborais, do desmantelamento do Sistema de Benestar Social e de privatización da sanidade pública.

Mostra o teu rexeitamento aos:

- Recortes do gasto sanitario público e incremento dos concertos con centros privados
- Pagos de receitas polos pensionistas e a supresión do financiamento público de máis de 400 medicamentos
- Pago por transporte non urxente en ambulancias, próteses, cadeiras de rodas, muletas, alimentos especiais para enfermos graves
- Proxectos de privatización de hospitais como os de Vigo e Pontevedra
- A paralización da construción de 66 centros de saúde (reducidos a 15 e coa metade de recursos previstos)
- Desmantelamento das áreas sanitarias para aforrar e favorecer aos centros privados
- Mantemento do concerto singular co hospital privado POVISA
- Privatización dos servizos de información, plataforma informática, central de compras, etc que beneficiaron aos seus amigos
- O Real Decreto 16/2012 que pretende acabar coa asistencia gratuíta, cunha oferta de servizos limitada que obrigará a pagar polos non incluídos na mesma.
- A retirada do dereitos á atención a quen non cotice por non ter traballo como menores de 26 anos , mulleres divorciadas, persoas excluídas ou inmigrantes sen papeis.
- A paralización dos hospitais pola tarde que incrementaron nunha terceira parte as tempos de espera, polo que hai máis de 40.000 pacientes nas listas de espera pública e outro tanto nas ocultas
- Despedimentos de centos de profesionais e traballadores sanitarios de todas as categorías

Pedimos á cidadanía galega que ese día

- Salvo situacións de urxencias non acuda aos hospitais, centros de saúde e farmacias
- Realice concentracións con carteis e pancartas fronte aos centros sanitarios da súa área ou localidade.

Salvemos a sanidade pública ameazada de morte polas políticas de recortes e privatizacións impulsadas polos gobernos de Núñez Feijoo e Mariano Rajoy